

UNIVERSIDADE E EUROPA

A Carta de Boloña

Ramón Villares, Domingo Docampo,
Manuel Sánchez Salorio, Aníbal R. Figueiras,
Lourenzo Fernández Prieto

GRIAL

REVISTA GALEGA DE CULTURA

159 xullo, agosto, setembro 2003

Tomo XLI

Conversa con
**Ignacio Ramonet. Noticias da guerra
Rei Ballesteros. Metáfora dunha comunidade ausente**

Xosé Fortes. Bóveda e Pontevedra
Jesús de Juana. Vicente Risco
e a polémica do medo
Xavier López Facal. ¿Política científica galega?

Carta de Bruxelas

Mirando dende dentro

ESCRITA E MULLERES.


DOCE ENSAIOS ARREDOR DE VIRGINIA WOOLF

BELÉN FORTES (COORD.)

Sotelo Blanco | 2003 | 158 páxinas

C ómpre comezar salientando o dobre interese que envolve este libro. Dun lado, o que constitúe por si mesmo un bo acerto editorial —e que dá continuidade á publicación de *Cara ao faro*—, o dar a coñecer en galego textos de Virginia Woolf como “Profesións para mulleres”, “As mulleres e a ficción” xunto con algúns outros, en total media ducia comprendida entre 1905 e 1931, que permiten unha lectura dos mesmos a día de hoxe e contrastar, como acontece cos clásicos, a súa actualidade. Doutro, e que é sen dúbida tamén un bo acerto, aproveitar os textos de Woolf para, nese contraste coa actualidade, dar azo de se expresar a unha ducia de mulleres, todas elas relacionadas coa escrita (literatas, ensaístas, críticas) en Galicia. Endebén, o libro a máis de ser interesante é sobre todo pertinente nun outro sentido, isto é, no que atinxe á cuestión que o anima e está na súa base, como apunta no Limiar a súa coordinadora Belén Fortes: a literatura feita por mulleres, a necesidade e oportunidade de reflexionar e debater sobre iso, que enfronta de partida cos textos de Woolf e ao que responden os doce ensaios.

“Escrita ou literatura de mulleres”, “feminina”, “feminista”, “literatura e xénero” son rótulos que, é obvio, non se refiren ao mesmo, remiten a enfoques ou orientacións distintas, tanto no que respecta ao encadramento temático, canto no tocante ao polémico e problemático asunto da existencia ou non dunha escrita feminina. Debate este que se ten dado noutros momentos, ámbitos e países en función, como non, de intereses de mercado, mais tamén ao fío das distintas for-



mulacións da teoría crítica e da política feministas. É dende esta perspectiva, como dicía, que o libro é moi pertinente. A lectura dos textos de Woolf e a dos doce ensaios amosan a complexidade e as tensións que xorden dun trasfondo común que achamos no que podemos denominar *a pregunta impertinente*. Impertinente non porque careza de pertinencia mais porque produce desacougos, abre interrogacións, fai agromar as contradicións e os paradoxos, sexa referida a sermos cidadás, filósofas, escritoras... Unha lectura atenta dos textos recollidos no libro, cada un á súa maneira, reflicte xustamente iso: interrogacións, contradicións e paradoxos. Porque seguen a ser esas as constantes desa outra pregunta, se cadra máis impertinente, expresada pola propia Woolf: ¿Que é unha muller? E a súa contundente resposta “Asegúrolle que non o sei. Tampouco creo que vostedes o saiban” (p. 13). A pregunta de rigor, que dirá logo Simone de Beauvoir e que nos reenvía a aquela afirmación de Olympe de Gouges de que era unha muller que só tiña paradoxos que ofrecer e non problemas doados de resolver.

A impertinencia sitúanos no antiesencialismo, leva consigo a esixencia da xenealoxía, da historia das loitas das mulleres, do feminismo. Dito doutro xeito, a impertinencia da pregunta non se salda coa morte ou asasinato da nai ou

das nais, pola contra, varias son as alusións ao suicidio dalgunhas escritoras. Do que se trata, seguindo a Woolf, é de matar o anxo da casa, que completa, subliña Margarita Ledo, o da morte do pai; de ter tempo de lecer, diñeiro e cuarto propio; da cotianeidade e non da excepción: “A muller extraordinaria depende da muller corrente” (p. 24). Pódese pensar que estamos ante cuestións xa superadas ou discusións obsoletas, falamos de mulleres e non da Muller, mesmo hai quen defende unha escrita feminina ou falan do feminino sen as mulleres. Parecería entón que a impertinencia deixa de ser pertinente. Porén, di Ana Romani, “Realmente debe ser importante, se non, esta insistencia ¿a que obedece?” Convén anotar que nos estamos a referir aos desacougos, paradoxos e contradicións que seguen a suscitarse nas mulleres cando reflexionan sobre a súa condición de mulleres, cando se interrogan sobre o lugar dende o que falan, escriben, pensan ou actúan, o que é ben diferente desa non pertinencia, da impertinencia que provoca a pregunta externa: “Máis unha vez a muller escritora —di Luísa Villalta— está exposta a responder como muller, ademais de ter que responder por aquilo que escribe” (p. 79). Ou en palabras da Woolf: “Mirado desde fóra, ¿que hai máis fácil que escribir libros? ¿Que atrancos ten unha muller que non teña un home? Mirado desde dentro, o caso é ben diferente” (p. 15). Velaí o desacougo: “Quizais o fantasma do que resulte máis difícil desfacerse —apunta Marilar Aleixandre— é outro moi sutil: a conciencia da propia autoría, estar falando desde a condición de muller” (p. 141).

Mirando dende dentro, os textos permiten ver as distintas formas de solventar ou xestionar os desacougos, mais tamén nos ofrecen unhas perspectivas de análise, información e crítica moi relevantes. En relación coa propia Woolf, coas valoracións da súa contribución á literatura, coa crítica do seu

tempo, sobre o seu feminismo. Os ensaios de Camiño Noia, Manuela Palacios ou Celia Armas resultan esclarecedores. Manuela Palacios incide en que a crítica do seu tempo ignorou a dimensión política da escritora e relegouna a unha posición secundaria dentro do canon. Celia Armas, aplicando a teoría do polisistema de Even-Zohar á obra de Woolf, vén constatar a súa orixinalidade e a salientar a súa forza para enfrontarse aos muros do seu sistema literario. Sobre a literatura galega actual, Camiño Noia e Helena González dannos boas pistas e suxestións. Sobre a cuestión da visibilidade e ocupación de espazos, sobre o xénero e a nación, e naturalmente tamén sobre o carácter pioneiro de Rosalía, tanto respecto da marxinalidade das mulleres como da nación, como nola presenta Pilar García Negro. Sobre a maior presenza de mulleres na poesía e a escasez de mulleres narradoras, dramaturgas, críticas, sobre o que aínda está por facer, pero que non desanima ou arreda. “En Galicia — di Inma López Silva— han aparecer máis mulleres que escriban teatro porque as críticas, neste mundo que estamos a construír, lles imos dar voz e lles imos garantir un espacio no que expresarse” (p. 91). Queda moito por facer, dise, pero todas comparten a idea de que moito se ten avanzado, é o recoñecemento do camiño andado, das loitas das mulleres, como ben recolle María Xosé Porteiro no seu texto, tentando “botar luz sobre a escuridade”. Ou como se tira da posición máis crítica de María do Cebreiro Rábade Villar —unha das máis novas xunto con Celia Armas, que nos dan azos para o futuro—, que toca a cuestión do corpo, outro dos temas presentes importantes, en Virginia Woolf e nos diversos ensaios, que fai reaparecer o anxo, a pantasma, e que segue a xerar interrogacións, paradoxos e contradicións, ou cortes e interrupcións. Sucesso, poder, imaxinación, ficción, autonomía da arte, universalismo, son algúns

outros aspectos implicados e que veñen redundar na complexidade e nas tensións.

Nunca é doado dar conta dun libro nunhas poucas páxinas, neste caso aínda máis pois cada un dos ensaios dan pé por si mesmos para un comentario, os propios títulos, e por descontado os da Woolf, o indican: Camiño Noia, “A ollada interior de Virginia Woolf”; Helena González, “Mulleres e ficción en Galicia ou a necesidade de superar os estados carenciais”; Luísa Villalta, “Por que os homes non nos len? (A difícil homologación da literatura escrita por mulleres)”; Inma López, “Unha autora para a Odisea ou a noiva superdotada de Harold Bloom”; Manuela Palacios, “Virginia Woolf e o discurso ambivalente”; Celia María Armas, “Virginia Woolf e o polisistema literario”; María Pilar García Negro, “Rosalía de Castro: o valor dunha pioneira”; Margarita Ledo, “Virxinia Woolf, un bolso cativo que esvara para o chao”; Marilar Aleixandre, “Arrebolarlle un tinteiro á cabeza”; Ana Romani, “As papoulas, o xardín e outros rubores; ou sobre o anxo da casa e as literaturas. (Apuntamentos e outras retóricas sobre as mulleres e as literaturas)”; María do Cebreiro Rábade, “A escrita das tatexas: teoría e práctica do discurso interrompido (Unha lectura do pensamento literario de Virginia Woolf)”. Por iso quixera dende aquí animar á súa lectura e debate en tanto que libro pertinente na Galicia. Sen perder de vista que mirando dende dentro, como “tabáns ou bolboretas” (Woolf, p. 29), tempo de lecer, diñeiro e cuarto propio, diante da situación actual das mulleres no mundo, sitúannos fronte aos retos dun feminismo global

■ **María Xosé Agra Romero**

Unha valiosa fonte para a historia da cultura galega

CARTAS A MURGUÍA I.

BARREIRO FERNÁNDEZ, XOSÉ RAMÓN / AXEITOS, X. L. (EDITORES).

Fundación Pedro Barrié de la Maza | 2003 | 564 páxinas

Os materiais que se custodian en diferentes arquivos como o da Real Academia Galega constitúen unha fonte valiosísima para a historia da cultura galega, aínda poboada de lagoas moito máis abundantes e fondas do que sería desexable. Así o demostra esta recente publicación que inicia un proxecto destinado a dar a coñecer toda a vasta correspondencia sostida por Manuel Murguía entre 1855 e 1923. O proxecto abrangue setenta longos e densos anos, ben que o volume que agora se publica se limita nas súas máis de cincocentas páxinas aos anos 1855-67, recollendo as cartas por orde cronolóxica, o cal explica o anuncio de tres tomos máis para traer a lume toda a documentación existente, un material único na súa época.

Unha peculiaridade deste voluminoso epistolario érxese tamén como un dos seus principais atractivos, pois non se deben as cartas á man do protagonista da correspondencia, como acostuma suceder neste xénero, mais que se reúnen as que Murguía recibiu da pluma de múltiples correspondentes cos que intercambiaba noticias de diversa índole. Deste xeito a figura do polígrafo percíbese en lontananza, perfilado pola información indirecta que fornecen os seus interlocutores e, ao mesmo tempo, ofrécese unha riquísima panorámica do contorno en que viviu e traballou, da intelectualidade e a vida política do século XIX así como algúns datos importantes de cara á documentación biográfica.

Datadas as primeiras cartas nos anos de mocidade en Madrid, reflic-